

Inscripción: ver DOG nº 24, do 5 de febreiro de 2010

Información: <http://egap.xunta.es>, e nos teléfonos: 981 546 241 / 881 997 014



XORNADA SOBRE ESTRUTURA E CONTIDO DA MEMORIA DA ANÁLISE DO IMPACTO NORMATIVO PARA A DEFENSA DA COMPETENCIA

| Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2010

| EGAP, Rúa de Madrid, 2 - 4. Santiago de Compostela.

XORNADA SOBRE ESTRUTURA E CONTIDO DA MEMORIA DA ANÁLISE DO IMPACTO NORMATIVO PARA A DEFENSA DA COMPETENCIA

■ Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2010.

■ EGAP, Rúa de Madrid, 2 - 4. Santiago de Compostela.

Venres, 19 de febreiro de 2010

11.00h **Inauguración da xornada.**

José Antonio Varela González. Presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Pablo Figueroa Dorrego. Director da EGAP.

11.30h **Promoción da Competencia e Administracións Públicas.**

Luis Berenguer Fuster. Presidente da Comisión Nacional da Competencia.

12.30h **Regulación e competencia. Experiencia de Andalucía.**

Ana Isabel Moreno Muela. Vocal Primeira do Consello de Defensa da Competencia de Andalucía.

13.30h **Clausura da xornada.**

José Antonio Varela González. Presidente do Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Pablo Figueroa Dorrego. Director da EGAP.

Obxectivos:

A competencia é un proceso básico para o desenvolvemento económico de calquera sociedade, xa que contribúe a incrementar a eficiencia do sistema produtivo. Esta eficiencia trasládase aos consumidores en forma de menores prezos ou aumento da cantidade, calidade e variedade dos produtos.

O labor de promoción da competencia fai referencia a todas aquelas actuacións orientadas ao fomento dunha contorna competitiva mediante o recurso a mecanismos non coactivos.

Unha alternativa relevante da política de promoción da competencia é o control dos proxectos normativos, xa que en ocasións sucede que é a propia actuación dos poderes públicos a que introduce distorsións na competencia nos mercados. A partir desta idea estanse a establecer sistemas de avaliación dos proxectos normativos inspirados nos criterios e procedementos propostos pola OCDE.

Destinatarios:

Persoal directivo e técnico (funcionarios ou laborais) dos diversos departamentos e organismos da Xunta de Galicia relacionados coa elaboración e tramitación de disposicións de carácter xeral, así como letrados da Xunta de Galicia vinculados ao devandito proceso. Profesionais do dereito administrativo. Interesados en xeral no tema da defensa da competencia.